

Decreto: 383
Data decreto: 08/06/2015

Descrición decreto: APROBACION BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL: AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO, CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS (SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EXP: 2015000002545), PEÓNS E CAPATACES DE LIMPEZA DE PRAIAS (SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA, EXP: 2015000002460), BRIGADA DE MANTEMENTO E ACONDICIONAMENTO DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS. (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, COD. EXP: 2014990006115), AUXILIARES DE TURISMO.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confire a Lei 7/19875, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Vistas as necesidades do departamento de servizos sociais, departamento de obras e servizos (subvención da Deputación da Coruña exp: 2015000002545), limpeza de praias (subvención da Deputación da Coruña exp: 2015000002460), brigada de mantemento e acondicionamento das infraestruturas municipais (subvención da Deputación da Coruña exp: 2014990006115), do departamento de promoción turística.

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes bases de selección (anexo I) de:

- Unha (1) praza de auxiliar de axuda no fogar.
- Un (1) oficial de 2ª e dous (2) peóns.
- Doce (12) prazas de peón e catro (4) capataces de limpeza de praias.
- Unha (1) praza de peón da brigada de mantemento e acondicionamento das infraestruturas municipais.
- Dúas (2) prazas de auxiliar de turismo.

SEGUNDO: Da presente resolución darase conta á Intervención e Tesourería municipais.

TERCEIRO: Ordenar a publicación do anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e nun xornal de gran tiraxe, e a efectos puramente informativos, estas bases tamén poderán ser publicadas na paxina web do concello: <http://www.portodoson.org>

Anexo I

BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR PERSOAL LABORAL TEMPORAL COMO PEÓN PARA A BRIGADA DE MANTEMENTO E ACONDICIONAMENTO DAS INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS. (SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, COD. EXP: 2014990006115).

1º) Obxecto da convocatoria: A selección dun traballador para desempeñar as funcións de **peón da brigada de mantemento e acondicionamento das infraestructuras municipais do Concello de Porto do Son.**

2º) Número de prazas: Unha (1).

3º) Tipo e duración do contrato: **Contrato laboral temporal: modalidade de obra ou servizo determinado.** A duración do contrato será de **50 días naturais**, a xornada completa e coas retribucións segundo convenio, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba, **esta contratación está subvencionada pola Deputación da Coruña, Cod. Exp: 2014990006115.**

4º) Obxecto do contrato: O persoal contratado realizará o traballo de peón da brigada de mantemento e acondicionamento das infraestructuras municipais do Concello de Porto do Son, en réxime de dispoñibilidade plena. Así mesmo, realizará aquelas outras tarefas que lle poidan asignar os órganos municipais competentes ou os seus superiores xerárquicos para a satisfacción das necesidades propias do servizo de obras e medio ambiente.

5º) Requisitos xerais dos aspirantes. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español ou cidadán dos Estados membros da Unión Europea, ou daqueles outros con respecto aos que, en virtude de tratados internacionais coa Unión Europea ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento dos traballos de peón.

d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin inhabilitado por sentenza firme para o exercizo de funcións públicas.

e) Non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

6º) Publicidade da convocatoria: Publicación do anuncio da convocatoria nun xornal de gran tiraxe, así mesmo as presentes Bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Porto do Son, a efectos puramente informativos, estas bases tamén poderán ser publicadas na paxina web do concello: <http://www.portodoson.org>

7º) Solicitudes: As persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde, conforme ao modelo que consta no Anexo I das presentes Bases. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 9:00 a 14:00, (sábados de 10:00-12:30) no **prazo de 5 días hábiles** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun **xornal de gran tiraxe**. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As instancias tamén poderán presentarse a través do procedemento previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas ou Procedemento Administrativo Común. Se optan por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso e cando se presente a instancia noutro Rexistro Público diferente ao do Concello de Porto do Son, os solicitantes antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes deberán remitir copia da instancia debidamente selada ou rexistrada ao número de fax do Concello: 981767358. Coa solicitude deberán achegar os seguintes documentos:

- fotocopia do DNI.
- documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no Baremo (Cláusula 8º destas Bases), **no caso de presentar fotocopias estas deberán ser compulsadas.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Porto do Son, a lista de aspirantes admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para efectos de reclamacións ou emenda de defectos das solicitudes, así mesmo indicarse o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición.

8º) Selección:

1. Fase de concurso: (no caso de ser fotocopias deberán ser compulsadas)

- Servizos prestados na Administración Pública ou na empresa privada como peón de obras ou categoría superior, ata a data de publicación das bases, **acreditarse mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados, vida laboral (adxuntando contratos): 0,10 puntos por mes traballado.**
- Carnet de conducir: B, 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar polo concurso será de 2 puntos.

2. Proba escrita tipo test: sobre os coñecementos prácticos do posto de traballo, para determinar así a capacitación dos aspirantes, **sendo necesario acadar un mínimo de 0,50 puntos para superar a proba.** A puntuación máxima que se pode acadar pola proba escrita será de 1 punto.

Publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a data, hora e lugar de realización deste proba.

3. Caso práctico: que consistira en demostrar o manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo, así como as aptitudes profesionais, **sendo necesario acadar un mínimo de 2,5 puntos para superar a proba.** A puntuación máxima que se pode acadar polo caso práctico será de 5 puntos.

Publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a data, hora e lugar de realización deste proba.

9º) Puntuación final. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global. En caso de empate resolverase pola puntuación obtida na proba práctica e de persistir o empate resolverase mediante sorteo público. Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas.

10º) Tribunal cualificador: Estará composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Santos Segade.
- Vogais: José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: M^a. Pilar Sánchez Fariña.

En caso de non poder acudir os membros designados do tribunal, nomearase mediante Decreto de Alcaldía ao seu substituto, de dito acordo darase oportuna publicidade no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura da praza convocada, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

11º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, cos candidatos seleccionados, co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida.

12º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. O candidato seleccionado deberá presentar no Rexistro Xeral de Entrada do

Concello de Porto do Son en horario de 9:00 a 14:00, sábados de 10:00 a 12:30 h, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**
- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.
